

Seminario Sociedad de la Información en Galicia.

Santiago de Compostela, 31 de enero de 2007

Intervención de D. **Antonio Pérez Casas. Asesor del Consejero de Innovación e Industria para la Sociedad de la Información. Coordinador del Proyecto Plan Estratégico Gallego para la Sociedad de la Información. Consellería de Innovación e Industria.**

Mesa Redonda, Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información.

Bos días a todos e todas,

É un pracer para min presentar hoxe a proposta de Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información, esta proposta foi realizada no segundo semestre do ano 2006 e aprobada polo Consello da Xunta o pasado 10 de Xaneiro, así como a aprobación do envío para a súa discusión ao Parlamento Galego nos meses de febreiro ou marzo.

O traballo comezou coa elaboración de 5 enquisas propias (cidadáns, concellos, pemes, pemes-TIC e asociacións) que completan todo o traballo existente de observación na Sociedade da Información, así como 8 diagnoses específicas sobre diferentes ámbitos, tamén contouse con numerosas entrevistas a expertos e responsables da Xunta de Galicia e doutras institucións, ... así como 3 mesas de traballo o pasado 29 de novembro, superando as 250 as persoas involucradas no proceso.

Todo iso deu lugar a proposta de Plano Estratéxico que hoxe presentamos aquí, é importante tamén destacar un esforzo de comunicación da mesma, mediante o portal www.sociedadedainformacion.eu, que nace nesas mesmas datas e que ten toda a diagnosis, as achegas dos expertos e o propio plano. Nestes escasos meses ademais ten recollidas máis de 200 novas sobre a Sociedade da Información en Galiza, máis de 30 entrevistas, artigos de opinión, experiencias e dosieres, ... enchendo un oco existente na administración pública e contextualizando a proposta de plano estratéxico, centrando o plano en iniciativas e actuacións concretas. A verdade é que esta tendo unha gran acollida dende o primeiro momento.

Un dos obxectivos que tiña o Plano Estratéxico era que incluíse e representara ao conxunto da Xunta de Galicia, ao conxunto das actuacións en Galicia en Sociedade da Información. É un plano coordinado e impulsado pola Consellería de Innovación e Industria pero con propostas e iniciativas de tódalas consellerías. Esperamos que aproveitando o espírito de colaboración con que se elaborou, faga do mesmo unha ferramenta útil para o conxunto do goberno galego, e por suposto para o conxunto das institucións, empresas e cidadáns de Galiza.

Neste foro pode decirse que si ben en moitas áreas das nosas actividades, ben sexan institucionais ou empresariais, inclúense nos papeis e informes abundantemente os termos TIC, Sociedade da Información, Sociedade do Coñecemento, Innovación, ... á hora de concretar, de conquistar financiación fronte a outras prioridades é necesario dar batallas permanentes. Todos coñecemos os incrementos de produtividade e calidade de vida ligada á Sociedade da Información, pero tamén todos sabemos que non é sinxelo realizar as actuacións concretas necesarias para ditos obxectivos, polo que a propia existencia dun plano ambicioso e a súa difusión, esta mesma xornada, é xa un gran paso e unha gran ferramenta si temos a habilidade para utilizala.

Paso a describir brevemente o contido do Plano Estratéxico, tedes nas transparencias e na web información máis detallada:

A **MISIÓN** do PEGSI céntrase en contribuír activamente ao desenvolvemento sustentable de Galiza de maneira que se garanta de forma real a compatibilidade entre crecemento económico con creación de emprego de calidade, maiores niveis de progreso e cohesión social no conxunto da cidadanía galega e preservación do medio ambiental, cultural e lingüístico propio.

Tratase de incrementar a Sociedade da Información en Galiza, pero incrementando a produción propia, incrementando os contidos propios e próximos ao cidadán, superando as deficiencias nas infraestruturas e buscando os elementos tractores adecuados, sen esquecer en ningún momento a necesidades de inclusión social, territorial, a igualdade de oportunidades na Sociedade da Información.

Para iso definimos 4 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:

Crecedemento e emprego, potenciar as TIC para lograr PEMES competitivas e productivas.

Liderado, atopar e potenciar liderados efectivos no sector das TIC, desenvolver e consolidar actividades innovadoras, buscando a I+D+i e a cualificación tecnolóxica do capital humano.

Cohesión social e territorial, creación de condicións de acceso igualitario ás oportunidades derivadas da Sociedade da Información. É unha revolución que vai moi rápida, os cambios provocan habitualmente

exclusións, é necesario dende o goberno e a sociedade contrarrestar ditas desigualdades, idade, xénero, económicas, territoriais, ...

Identidade cultural, a potenciación dunha sociedade da información galega é en galego é necesaria dende un dobre punto de vista, por un lado como elemento de preservación e consolidación dunha cultura e unha lingua, por outro como elemento tractor ofrecendo aos cidadáns galegos contidos próximos e na súa lingua. Tamén poderíamos citar a oportunidade que significa este mercado para as empresas galegas creadoras de contidos.

Para realizar estes obxectivos deseñamos un Plano Estratéxico de **4 anos de duración, 2007-2010, cun orzamento estimado de inversión pública de máis de 800 millóns de euros, dos cales 679 millóns de euros corresponden á Xunta de Galiza**, cun esforzo incremental moi significativo e ambicioso, pero realista. ao final esperamos incluso superar ambas cifras, ...

O plano desenvólvese mediante oito estratexias operativas que inclúen 26 liñas de actuacións e 104 iniciativas en todos os campos da Sociedade da Información.

A diferenza doutros planos estatais ou autonómicos, o plano galego non só incorpora actuacións no campo das infraestruturas, axudas ás empresas ou cidadáns, ou potenciación da administración electrónica, se non que ademais presta especial atención a temas como a interoperabilidade e o coñecemento libre, o marco competencial, os contidos ou os instrumentos necesarios para lograr os fins previstos. E máis que un plano exclusivamente de desenvolvemento do sector TIC, ou de incremento da penetración do uso de internet en Galiza.

Entre as ESTRATEXIAS OPERATIVAS distinguimos as **Estratexias transversais** que interveñen sobre factores presentes en todos os campos de influencia do Plano, desde os estruturais até os máis orientados ás aplicacións, contidos e servizos, isto é, os aspectos que máis facilmente perciben os usuarios como Sociedade da Información:

INF: Infraestruturas para a Sociedade da Información, principalmente pero non só de telecomunicacións, tamén os puntos ou centros de acceso e dinamización de Internet ou os espazos empresariais TIC.

IeCA: Interoperabilidade, seguridade e coñecemento aberto, a capacidade real de xerar un contorno de comunicación efectiva entre todos os axentes pasa pola creación dunha cultura aliñada con este obxectivo e pola construción dos soportes tecnolóxicos conforme a conceptos de apertura, estándares abertos e interoperabilidade.

CeS: Contidos e Servizos, tanto no referido a incrementar o seu uso como no referido a súa produción, si por exemplo pensamos en Internet cada pouco aparecen novas oportunidades de negocio, non só para o negocio local, se non tamén para a nosa presenza internacional. Xa mencionei anteriormente o referido á necesidade de preservar a identidade cultural tamén na rede.

Por outra parte distinguimos as **estratexias sectoriais** que dividimos en 4:

TIC: Desenvolvemento do sector empresarial da sociedade da información, impulsar o desenvolvemento do sector empresarial asociado á Sociedade da Información no seu sentido máis amplo, desde os servizos informáticos até a produción de contidos converxentes, -pasando pola electrónica e a fabricación de dispositivos- debe ser un elemento chave, xa non nunha estratexia de Sociedade da Información, senón no marco xeral de desenvolvemento económico do país.

EMPR: Aplicación das TIC polo tecido empresarial, aquí recóllese toda unha serie de medidas para un adecuado despregamento e adopción das TIC e para que estas exerzan o seu efecto de inducir melloras da produtividade da economía especialmente das PEMES e MicroPEMES.

PUB: Servizos públicos de calidade, o sector público, nomeadamente a Xunta de Galicia, desempeña un papel absolutamente esencial no modelo social de Galiza, funciona claramente como un elemento tractor tanto no referido ás inversións en TIC, como na introducción das mesmas entre as empresas e cidadáns, un correcto e decidido desenvolvemento das TIC dende o goberno galego apoiara claramente a introducción e produción no conxunto de Galiza.

INCL: Inclusión e sostibilidade, a rapidez e evolución do cambio tecnolóxico, xunto con outro tipo de condicionantes propios da sociedade actual, pode levar a un incremento da fragmentación social e á consecuente exclusión daqueles grupos sociais máis desfavorecidos. Este fenómeno maniféstase en Galiza coa existencia de desequilibrios internos no que se refire á penetración das tecnoloxías e da Sociedade da Información, por factores sociais (maiores, persoas con discapacidade, mulleres...) e territoriais (costa/interior, rural/urbano) cando precisamente, a inclusión é un dos tres piares fundamentais da iniciativa europea i2010, un dos principais referentes para o PEGSI.

Por último consideramos unha oitava **estratexia** neste caso **instrumental**:

INSTR: Instrumentos, onde recollemos toda unha serie de instrumentos que faciliten a posta en marcha, seguimento, observación e certificación das iniciativas presentadas, así como outras iniciativas de carácter máis político como son os ámbitos competenciais ou apoio á solicitude dun dominio galego en Internet que visualice o noso País na rede.

Para rematar indicar que o plano nace cunha vocación aberta e dinámica, é difícil concebir un plano estratéxico neste ámbito no que todo estea perfectamente definido, preferimos facer un plano participativo no seu seguimento, un plano que permanentemente este observando as diferentes políticas públicas neste eido, especialmente as iniciativas europeas, que sexa capaz de incorporar ao nivel de iniciativa as diferentes propostas que poidamos ir deseñando co Sector e as restantes institucións galegas.

Recordarvos que tedes o conxunto da diagnosis e das estratexias na web: www.sociedadedainformacion.eu
Santiago de Compostela, SOCINFO, 31 de xaneiro de 2007.